

## YAM EN CENTROS DE CONTROL

### ¿QUE É O YAM?

YAM (Youth Aware of Mental Health) significa Xuventude Consciente da Saúde Mental e é un programa escolar dirixido á mocidade entre 13 e 17 anos no que aprende e debate sobre saúde mental.

YAM foi avaliado nun ensaio clínico controlado aleatorizado en varios países da Unión Europea (incluída España) no que participaron máis de 11.000 mozos/as. Nesa investigación avaliáronse tres programas distintos de promoción da saúde mental e prevención de suicidio nas escolas. Os resultados amosaron que a intervención YAM era eficaz para reducir os novos casos de intentos de suicidio e a ideación suicida grave aproximadamente nun 50%, reducindo os novos casos de depresión aproximadamente nun 30%. Observouse tamén que YAM aumenta o apoio entre iguais e fai crecer a solidariedade no grupo.

### ENSAIO CLÍNICO YAM

Durante o curso 2023-24 o YAM será obxecto de análise a fin de determinar se en Galicia se acadan resultados comparables en redución da ideación suicida, depresión e busca de axuda aos do estudio orixinal. Para iso realizarase un Ensaio Clínico Aleatorizado (aprobado polo Comité de Ética de la Investigación de Pontevedra- Vigo- Ourense: 2023-227).

Os centros escolares onde se desenvolve YAM escolléronse ao azar e teñen un grupo de control de escolas análogas (rural/urbano, públicas/concertadas) representativo do total da poboación escolar galega de 3º da ESO.

A **colaboración do alumnado de centros de control** que participe este curso académico no YAM consistirá en facer uns test online de forma individual, que se realizarán na aula, por medio dun sistema web e serán anónimos. Os test terán lugar en dúas ocasións, antes de comezar a intervención co YAM e un ano despois. Nas dúas ocasións serán entrevistadas as mesmas persoas para valorar cal foi a evolución.

Como agradecemento pola súa colaboración previa, o alumnado que participe este ano como control poderá recibir, se así o desexa, o adestramento con YAM o curso próximo (2024-25), cando estea en 4º ESO.

*O obxectivo do estudio é confirmar ou non, se o YAM funciona no noso medio e en caso de detectarse fallos poder corrixilos.*

*Para a participación é precisa autorización escrita dos/as proxenitores/ titores ou gardadores legais. En caso de que non desexen participar no YAM o alumnado permanecerá noutra aula co profesorado en cuxa hora se realizan os test ou se imparte o YAM ou co persoal de orientación realizando outras tarefas.*

### **AVALIACIÓN DE DATOS PARA FONDO SOCIAL EUROPEO**

*O YAM está financiado ao 95% con Fondo Social Europeo (FSE). Para o control deses fondos tódalas persoas participantes deberán avaliar a acción desenvolta. O FSE dispón de sistemas online de avaliación que se porán a disposición dos/as participantes, neste caso, por medio de PARTICIPA.*

